

XEFATURA DE ÁREA DE
BENESTAR SOCIAL

CONCELLERÍA ÁREA DE
GOBERNO DE POLÍTICA
SOCIAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

CONCELLO
DE VIGO



SUBVENCÍONS A ORGANIZACÍONS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2026. CONCELLO DE VIGO (POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL). Exp. nº 291370/301 (2026)

INFORME - PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL

I. INFORME

Tramitado polo Servizo de Benestar Social o correspondente expediente de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional no exercicio de 2026, resultan os seguintes feitos:

I.1. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 27.03.2026 aprobáronse as bases e a convocatoria de «SUBVENCÍONS A ORGANIZACÍONS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2026. CONCELLO DE VIGO (POLÍTICA SOCIAL)» e os seus Anexos I – VII BOP nº 63, do 06.04.2026 e o extracto da convocatoria no BOP nº 66, do 09.04.2026.

I.2. Tramitado o expediente conforme ó disposto nas bases da convocatoria, o órgano instrutor, vista a proposta non vinculante de valoración realizada pola «Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento» de data 30.06.2026, **formula proposta de resolución provisional** que será publicada na sede electrónica do Concello de Vigo para que as entidades propostas como beneficiarias comuniquen por escrito a súa aceptación ou renuncia no **prazo máximo de dez (10) días NATURAIS** e, de ser o caso, reformulen as súas solicitudes para axustar os compromisos e as condicións á proposta de resolución, cando o importe da subvención proposta sexa inferior ó que figura na solicitude presentada.

I.3. Existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó gasto representado pola resolución desta convocatoria de subvencións na aplicación nº 2310.480.00.09 (“Convocatoria subvencións cooperación”) do vixente orzamento de gastos (60.000€). Existe tamén documento contable (RC12026000024593) por esa mesma contía.

I.4. As subvencións concedidas serán dun importe máximo de 15.000€ por cada proxecto subvencionado (Base 5ª, *in fine*). O reparto do crédito dispoñible establécese en función da puntuación obtida ó valorar de xeito obxectivo todas as solicitudes, seleccionando ós seis (6) proxectos que obtiveron as maiores puntuacións (90 ptos. ou máis).

I.5. As entidades solicitantes presentaron as correspondentes certificacións de estaren ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Faise constar tamén que da información que obra no expediente resultaría que cumpren con todos os requisitos esixidos para ser beneficiarias das subvencións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/07/2026 11:55	Páxina 1 de 4
291370-301	CSV: A4B2B2-55C1A4-E33546-4KWDA5-XB4SY1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

XEFATURA DE ÁREA DE
BENESTAR SOCIAL

CONCELLERÍA ÁREA DE
GOBERNO DE POLÍTICA
SOCIAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

CONCELLO
DE VIGO



II. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL

PRIMEIRO: Propónse conceder, provisionalmente, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.09 “Convocatoria subvencións cooperación” do vixente orzamento, a cantidade de 60.000,00 € en concepto de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional no exercicio de 2026, segundo o seguinte detalle:

Expte.	NOME ASOC	Proxecto	PUNTUACIÓNS	IMPORTE SUBV.
293813-301	ASOCIACION AMAP-ASOC MUNDIAL AYUDA PUEBLOS NECESITADOS CONTRAPARTE: CENTRO DE JUSTICIA Y PAZ JUAN PABLO II	Construcción Escuela Taller de carpintería, ebanistería y artesanía en madera para la mejora de la empleabilidad y la reducción de la vulnerabilidad a la explotación y redes de trata de los jóvenes refugiados del Asentamiento de Kiryandongo en Uganda	90,50	9.963,30
295214-301	ASOCIACION AULAS ABIERTAS COMEDORES ESCOLARES- CONTRAPARTE_ CONGREGACIÓN AMOR DE DIOS	COCINA MEJORADA Y COMEDOR EN HASMÍN, (CELENDIN) – PERÚ	90,00	9.908,26
296011-301	ASOC HARAMBEE- CONTRAPARTE: CECFOR	Fortalecimiento de la atención primaria para el diagnóstico precoz y seguimiento integral de la drepanocitosis en niños y mujeres embarazadas en RD del Congo.Fase 2	90,00	9.908,26
296015-301	FUNDACION TALLER DE SOLIDARIDAD- CONTRAPARTE: FUNDACIÓN NUQANCHIK	Horticultura local y sostenible: huertos familiares con enfoque de economía solidaria y de género (Cochabamba- Bolivia)	91,50	10.073,39
296192-301	FUNDACION AYUDA SOLIDARIA HIJAS DE JESUS- Fundación Ayuda Solidaria Hijas de Jesús Dominicana (Jesuitinas- Colexio Miralba)	Educación y salud como estrategia para erradicar la desnutrición infantil en el Valle de Elías Piña, República Dominicana.	93,00	10.238,53
296222-301	BEYOND SUNCARE- CONTRAPARTE: HEALTH ALERT ORGANATION (HAO)	TÍTULO DO PROXECTO: IGUAIS BAIXO O SOL: LOITANDO CONTRA O CANCRO DE PEL ENTRE AS PERSOAS CON ALBINISMO EN RUANDA	90,00	9.908,26
	ORZAMENTO	60.000,00	545,00	60.000,00



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/07/2026 11:55

Páxina 2 de 4

291370-301

CSV: A4B2B2-55C1A4-E33546-4KWDA5-XB4SY1-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

XEFATURA DE ÁREA DE
BENESTAR SOCIAL

CONCELLERÍA ÁREA DE
GOBERNO DE POLÍTICA
SOCIAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

CONCELLO
DE VIGO



SEGUNDO: As entidades que **non** obteñen subvención con cargo a esta convocatoria de 2026 de «SUBVENCIONES A ORGANIZACIONES NON GUBERNAMENTALES DE DESARROLLO (ONGD) PARA LA REALIZACIÓN DE PROYECTOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL (2026)», por acadar unha puntuación inferior a 90 puntos, son as que se relacionan na seguinte Táboa:

Expte.	NOME ASOC	Proxecto	PUNTUACIÓNS
293208-301	COLABORACION Y ESFUERZO- CONTRAPARTE: ACOES HONDURAS	Centro "Santa Mónica": Proyecto de prevención social en niños y jóvenes de grupos en situación de riesgo de exclusión social a través de un programa de educación inclusiva en áreas urbanas empobrecidas en la periferia de Tegucigalpa (Honduras)	89,00
295184-301	LOTUS SPAIN ONG – CONTRAPARTE: LOTUS FOUNDATION NGO	APOYO EDUCATIVO Y BIENESTAR PARA NIÑOS Y NIÑAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDAD EN VARANASI- INDIA	88,00
295470-301	FUNDACION AMIGÓ – CONTRAPARTE : ASSOCIATION DES AMIGONIENS AU BENIN	Prevención, tratamento e redución do consumo de substancias psicoactivas entre mozos vulnerables mediante intervencións psicosociais e comunitarias en Abomey-Calavi (Benín)	83,50
296013-301	FUNDACION PROCLADE – CONTRAPARTE : LOQ'LAJ CHÓCH (SACRA TERRA)	Mujeres Lideresas Qeqchi: Empoderamento das mulleres maias e fortalecemento do Dereito á alimentación das familias rurais en Raxruhá, Guatemala.	88,00
296219-301	SOLIDARIDAD EDUCACION Y DESARROLLO: CONTRAPERTE: HERMANOS MARISTAS HONDURAS	"Mejora de las condiciones de acceso y calidad de la atención mediante el fortalecimiento del sistema de agua en el Centro Horizontes al Futuro (Comayagua, Honduras)"	89,50
296226-301	FUNDACION INTERNACIONAL DE SOLIDARIDAD COMPAÑIA DE MARÍA – CONTRAPARTE: Orden de la Compañía de María Haití	Fortalecimiento educativo de jóvenes mediante técnicas agroecológicas de apicultura hacia un emprendimiento formativo y socioproductivo sostenible, Bedou, Haití.	89,00
296018-301	ASOC CYES COMUNICACION Y EDUCACION SOCIAL	CHEM BIL TE CHUINKLAL -Tejer para el buen vivir- DESESTIMADO. INSCRITA NO REXISTRO GALEGO DE AXENTES DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NA SECC. D: "OUTROS AXENTES"	



XEFATURA DE ÁREA DE
BENESTAR SOCIAL

CONCELLERÍA ÁREA DE
GOBERNO DE POLÍTICA
SOCIAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

CONCELLO
DE VIGO



TERCEIRO: Publicar esta **proposta de resolución provisional** na sede electrónica do Concello de Vigo para que as entidades propostas provisionalmente como beneficiarias comuniquen por escrito **prazo máximo de dez (10) días NATURAIS** a súa aceptación ou renuncia (ANEXO V) e, de ser o caso, reformulen a súa solicitude para axustar os compromisos e as condicións á proposta de resolución (ANEXO VI), cando o importe das subvencións propostas sexa inferior ó que figura nas solicitudes presentadas. De conformidade coas bases (Base 10ª), de non recibirse a aceptación dentro do prazo sinalado, entenderase a renuncia da entidade.

Vigo, [data da sinatura electrónica]

O XEFE DE ÁREA DE BENESTAR SOCIAL,
Asdo.: Jesús Núñez-Torrón López

A XEFA DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL,
(P.A. O ASESOR XURÍDICO ADXUNTO Á XEFATURA DE BENESTAR SOCIAL),
Asdo.: Gustavo Rodríguez Bartol

CONFORME:
A PRESIDENTA DA COMISIÓN
A CONCELLEIRA DE ÁREA DE GOBERNO DE POLÍTICA SOCIAL
E PARTICIPACIÓN CIDADÁ
(Resolución Alcaldía do 25.09.2025; BOPPO n.º 186 do 30/09/2025)
Asdo.: Yolanda Aguiar Castro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/07/2026 11:55	Páxina 4 de 4
291370-301	CSV: A4B2B2-55C1A4-E33546-4KWDA5-XB4SY1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		